

LISTA DE ASISTENTES

Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
González Santamaría, Pedro
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 18 de decembro de dous mil catorce, convocada para as 13:00 h en primeira convocatoria e ás 13:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **18 de decembro de 2014** ás 13.35 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, realizada por videoconferencia co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de decembro do 2014.
2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatos/as electos/as e proclamación definitiva de resultados.
3. Asuntos varios.
4. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de decembro do 2014.

Ao non haber ningunha alegación á acta da sesión anterior, apróbase por asentimento.

Punto 2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatos/as electos/as e proclamación definitiva de resultados.

O presidente da Comisión informa de que non se presentou ningunha reclamación ás candidaturas provisionais, polo que cómpre proceder á proclamación definitiva dos candidatos e candidatas elixidos como representantes de estudantes nos consellos de departamento, segundo a relación que foi enviada aos membros da Comisión. Indica a secretaria xeral que este mesmo día realizarase a comunicación oficial aos departamentos dos resultados das eleccións.

Punto 3. Asuntos varios.

Cede a palabra o presidente á secretaria xeral, quen comenta que ao inicio da sesión informóusenos da necesidade de que os membros da Comisión Electoral asinen un formulario de consentimento autorizando a gravación. En principio, segundo a normativa dos servizos informáticos a autorización sería para cada sesión, pero propón a secretaria a redacción dun texto que permita aos membros da Comisión autorizar a gravación de tódalas sesións, excepto aquelas que especificamente así se faga constar.

Pregunta D. Federico Fernández como se levaría a cabo a conformidade e a gravación no caso de utilizar o programa de videoconferencia a través da web. Informa a secretaria xeral que empregando a opción vía software, algúns membros poderían conectarse dende o seu despacho, pero a composición das imaxes das distintas salas e a gravación, seguiría facéndose polo servizo na sala de videoconferencia, e a autorización seguiría a ser válida.

A continuación, a secretaria xeral pasa a dar resposta á petición presentada por D. Federico Fernández na xuntanza anterior en relación coa elaboración do censo electoral do PAS, para que se realizaran atendendo aos centros nos que están asignados.

Consultado este tema coa coordinadora da Secretaría Xeral, informa que o problema xurde especificamente en dúas unidades: en Ourense, na conserxería que atende a diversos centros e en Vigo, na unidade administrativa do ámbito tecnolóxico. Indica a secretaria que os censos se elaboran a partir dunha base de datos que é empregada para outras aplicacións. Modificar esa base para que o censo fora correcto e automático afectaría ás outras aplicacións. Concretamente nestes casos, afectaría ás listas de distribución do correo ordinario, polo que este sería enviado ás conserxerías dos propios centros, non á unidade na que traballan os PAS, o que dificultaría a súa recepción. Este cambio non é desexable nin para os centros nin para o propio persoal dos servizos implicados. A alternativa que se propón dende a Secretaría Xeral é que non se modifiquen as bases, pero que, na elaboración dos censos electorais, con anticipación suficiente a un proceso electoral concreto, se consultara ao PAS destas unidades en que centro desexa figurar.

Pregunta Federico Fernández se non é posible realizar o censo en función da RPT. Explican o presidente e a secretaria que non existe nin ten sentido crear unha base de datos específica para os censos electorais, senón a base de datos común para diversas funcións. Tras un breve cruce de opinións, o presidente finaliza precisando que a vontade da Comisión é que se corrixan as dificultades que xorden nesas unidades do xeito máis doado, e a secretaria xeral confirma que buscarase a mellor solución posible para elo.

Continúa a secretaria xeral comentando que foi presentada unha cuestión na Secretaría Xeral en relación a D. Hadrián González, que foi elixido representante do estudantado no Claustro Universitario pola Facultade de Historia de Ourense. Na actualidade, está cursando estudos de máster noutro centro, polo que deixa de formar parte da Facultade pola que foi elixido. Indica que, a pesar de que o artigo 7.3 do Regulamento de Réxime interno do Claustro indica que *"a condición de elixibilidade entenderase en todo caso ligada á pertenza ao sector polo que foi elixido o membro do Claustro e non á circunscrición electoral concreta dentro da cal se presentou"*, tamén dá lectura a outros artigos onde se pode interpretar que o centro perde representatividade, o que se pode entender como unha colisión de normas. Diante da consulta formulada, a Asesoría Xurídica fixo a recomendación de que a Comisión Electoral debería aclarar dita interpretación.

Dado que este representante forma parte de diversos órganos colexiados que teñen que actuar proximamente, presenta este tema para a consideración da Comisión. Dado que non está incluído este punto na orde do día, non se pode resolver, polo que de presentarse a cuestión por escrito e fora necesario facer unha interpretación dos artigos, traeríase a unha próxima xuntanza como punto da orde do día. Engade dona Mónica Zas que, nese caso, sería necesario o informe da Asesoría Xurídica. Aclara o presidente que se trata de pulsar a opinión da mesma de "xeito preventivo", xa que non se ten formulado ningunha reclamación.

O profesor Pedro González expresa a súa opinión indicando que o artigo 7.3 é claro e indica que o alumno segue a pertencer ao mesmo sector, polo que non perdería a súa condición de representante. Expresa tamén neste sentido a súa opinión dona Mónica Zas, quen apunta que a non representación dun centro no Claustro tamén pode vir dada pola non presentación de candidatos. A Universidade ten a obriga de permitir que todos os centros teñan representación, pero non pode prescribir que haxa candidatos suficientes para garantir dita representación. Polo tanto, entende que a representatividade do sector é prioritaria, que é o que indica o artigo 7.3.

Intervén a profesora dona Beatriz Vaquero quen, ademais de coincidir en que o artigo considerado non presenta dúbida, apunta que, sendo ela do mesmo centro, non cre que poida haber dificultades para a Facultade derivadas de que este alumno deixe de selo. D. Federico Fernández pregunta se entre a finalización dos estudos de grao e o inicio dos de máster houbo algunha interrupción. Aclara a secretaria xeral que non é así, que hai continuidade. Intervén o presidente da Comisión quen, habendo unanimidade neste tema, dá paso ao seguinte punto da orde do día, e pregunta se alguén desexa participar na rolda de intervencións.

Punto 4. Rolda libre de intervencións.

Non hai participacións

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:05 h do día 17 de decembro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria Mª Pena Uris